

# COMA UN CONTO DE NADAL

*Xa ven aí o Nadal. A paz, a ledicia, o gozo espállanse (con medo) dunha banda á outra do cosmos. Todo resplandece (tímidamente) de amor e fantasía; agás moitos pobos sulagados de miseria e pavura, sumidos no atraso e na ignorancia das guerras fraticidas e devastadoras. Son pobos desgraciados, pobos onde non agroma o sol do amor senón o fume das metralletas, pobos coma o de Samila e Shamir, un xoven matrimonio palestino, que veu dar a Begonte a noite de nadal deste ano.*

Samila e Shamir crén (agora con máis paixón aínda), teñen fe; por iso o 24 de Nadal de 1989 se dirixiron ó Portal de Belén para visitaren o monumento conmemorativo daquel feito glorioso acontecido hai cóseque 2.000 anos.

Polo camiño, Samila díxolle a Shamir nun ton meimoso e confidencial:

–Dentro de nove meses seremos pais, meu home. Estou embarazada. A túa semente xermola nas miñas entrañas.

Shamir acolleu a nova con suma ledicia. Abrazouse á súa compañeira e deulle un bico na fronte.

Seguiron a camiñar cara ó Portal entre o tableteo das ametralladoras e o estoupido dos obuses; chegaron á medianoite, e puxéronse a oraren diante do monumento divino.

Estando nisto, estoupou un obús no teito do Portal e a parodia do Nacemento saltou polos aires destruída. Os rapaces quedaron horrorizados; non daban creto a canto vían os seus ollos.

Colléronse das mans e fuxiron a correren ata as aforas do lugar; aló detivéronse inando; os seus corazóns repetouteaban coma dous pandeiros.

–Prepárate –dixo Shamir– Imos fuxir de aquí: non quero que o noso fillo naza rodeado de terror.

Colleron o burro vello, herdo dos seus pais mortos, cargaron nel os seus petates e fuxiron de Belén cara un lugar descoñecido. Após deixaban unha paisaxe de cadáveres, aramios candentes e cocoteiros mutilados.

–¿Para onde imos, Shamir? –preguntou Samila.

—Xa Deus dirá —contestou o rapaz, tirando polo ramal do burro, sen volve-la vista.

Andando, andando, andando, chegaron á primeira encrucillada. Shamir detívose sen saber para onde coller. Sentíase desnortado. Estaba perdido no deserto. Ollou en fite para a súa compañeira sen dicir nada, coas bágoas agromándolle nos ollos.

Naquel momento, apareceulles un home vestido cunha sotana e portando gafas afumadas, indicándolles o camiño.

Os camiñantes seguírono.

—¿Será de fiar este home, —preguntou Samila, desconcertada.

—Quizais sí —dixo Shamir, botando a camiñar decidido—. Paréce-me un bó guieiro; seguiremo-las súas ordes.

Así chegaron a unha nova encrucillada. Outra vez os corazóns repetouteábanlles coma o galope dun cabalo. Tiñan frío e medo. Agardaron a ver se aparecía outra vez o «home da sotana», pero... ¡nada! Non o viron por ningures.

Nisto formouse un remuíño de brétema do deserto e os camiñantes quedaron durmidos.

Cando os despertou o cantío dun galo, estaban noutra terra: nunha viliña de Galicia sinxela e gasalleira, a beira dun río cristaliño e troiteiro. A paz espallábase a súa carón por todel. A ledicia degrañábase no corazón e nos labios das xentes en ácios de axóuxeres. En cada silveira había un coro de paxaros. Unha inmensa Terra Cha abríase ós seus ollos nun relouco de gozo e fantasía.

Os camiñantes ollaron un cara o outro enchidos de emoción, sen palabras para expresaren

canto sentían entón. Erguéronse, lavaron a faciana nas augas do Miño e dirixíronse á igrexa parroquial para dárenlle gracias ó San Roque, patrono do lugará a súa sorpresa foi grande cando viron no medio do camiño unha estatua esculpida en pedra caliza. Aquela estatua representaba ó «home da sotana», seu anxo da garda ou guieiro desde Belén; aquela estatua era a de don Xosé Domínguez Guizán, outrora párroco e benefactor de Begonte, agora habitante do paraíso.

Porque en Begonte achábanse Samila e Shamir, anque pareza milagre. Xa que logo oraron perante o San Roque, perante o monumento a don Xosé e perante a Virxe do Corpiño, branca virxe begontina.

Cando volvían en busca de pousada, albiscaron unha casa branca coma unha pomba; engaiolados polas notas dunha panxoliña, dirixíronse a ela, abriron a porta do baixo e quedaron aglaiados: alí había un belén en miniatura fermosísimo; nunca Samila e Shamir viran un belén tan xeitoso, agás o belén da súa terra; oraron, pois, perante as súas figuras mentres estas realizaban contínuos movementos: San Xosé, María e o Neno sorrían no portal, arredor do lume, irradiando paz e felicidade, impulsados por unha extraña forza, os pastores andaban espaxados por un frondoso bosque sulgado de ríos e fontelas, prantado de árbores verdecentes e mofo, un ferreiro batía o ferro roxo e refulgente, o pescantín agardaba a ver se picaba o peixe, o muiñeiro carreaba sacos de centeo á moxega, de súpeto caía un lóstrego e oscurecía, poñíase o chan nevado e amencía ó lonxe ata facerse todo claridade outra vez máis.

—¿Cómo funcionará toda esta artimañada?  
—preguntáronse un ó outro, mirando para o monumento cuns ollos grandes coma pratos, o mesmo que os ollos dos nenos que entraban decote.

Chegou por alí don Xesús Domínguez, o crego de Begonte, e explicoulles tódolos secretos daquela estangurriada; mostroulles, asimesmo, as actividades que se celebran parellas ó belén durante a campaña de Nadal: o Indalecio de Bonxe modelando o barro, a exposición pictórica de Rielo, etc.

Os xóvenes palestinos quedaron maravillados e agradecidos.

—Gustaríame vivir neste lugar —dixo Shamir—. Gustaríame que o noso fillo nacera aquí.

—A min tamén —asentiu Samila.

—Pois podedes quedarvos, hom —díxolle-lo crego—. Casa cuberta e condoito non vos han de fallar. E palla para o burro tampouco. Os meus fregueses son xente boa e xenerosa.

En compañía dos veciños, celebraron o acontecemento con viño do país, pan centeo e chourizos das derradeiras matanzas, de postre roscón de Villalba; durante o brindis, acordaron que o próximo belén de Begonte fose un belén viviente: o fillo de Samila e Shamir faría de Neno Xesús, Samila e Shamir serían María e Xosé... o resto poñerían os begontiños; ah, e o burro exercería como tal.